

## Á nai de Ester pásalle algo

Ester notou que á súa nai lle pasaba algo aquela mañá na que, ao espertala cun bico como facía todos os días, notou certa humidade na meixela que a rozaba, certo tremor nos beizos que a bican, e un son semellante ao do violín no fondo daquela voz que a arrincou do sono..., un son coma o da brisa solitaria do inverno que atravesa as rúas ao caer a noite.

—Bos días, Quinquirrineira —sempre a esperataba con esa palabra que provocaba en Ester o desexo de saltar da cama e poñerse a bailar: quinquirrineira, quinquirrineira.

Pero nesta ocasión soaba como o repique dunha fráxil cunquiña rebotando no chan, a piques de estalar feita cachizas.

Quinquirrineira, quinquirrineira. Cantas veces xogara ela, de nena, á roda coa súa nai: «Ala

quiquirrineira, ala chambruneira, ala nena bonita, xira pola beira». E daban a volta, para situárense de costas, darse a man e seguir xirando: «Ala quiquirrineira, ala chambrulento, ala nena bonita, xira por dentro». E daban a volta de novo, para poñérense de fronte e continuar a xogar á roda. E así unha e outra vez. Un gozo coma un riso que aínda non aflorara aos beizos ía subindo do ventre ao peito, percorría o tronco de Ester, ata que por fin atravesaba a boca e estalaba nunha gargallada que contaxiaba a súa nai. Ambas as dúas, dun salto, sentaban no chan e seguían a rir. A risa de Ester era quiquirrineira, a da súa nai, chambruneira, e contaxiábanse entre si.

Pero, agora, a palabra *quiquirrineira* resoaba nos oídos de Ester coma un repique triste e remoto no tempo.

«Chorou», dixo Ester para si, mentres refregaba os ollos e sentía que a súa nai abandonaba o cuarto con aquel pixama seu que axitaba o aire coma unha bandeira, signo inequívoco de que lle ía grande, e con aquelas chancletas que se adherían e se despegaban da planta do pé resoando *flot-flot* por toda a casa.

Estivo a piques de preguntarlle:

—Pásache algo...?

Pero a pregunta quedoulle por dentro dos beizos, porque a súa nai xa saíra do cuarto e porque notou algo nela que lle daba a entender que non quería que a súa «Quinquirrineira» se decatase do que pasaba: o problema, o desgusto, ou o que fose.

Apalpou o reloxo. As oito en punto. Ester sabía ler o reloxo desde pequecha. Aínda lembraba como a súa nai lle axudaba a apalpar as agullas do reloxo mentres lle ía sinalando a hora. Ester só percibía un círculo cunhas raias e unhas agullas, ao tempo que a súa mente se esforzaba por entender como demos funcionaba a hora naquel chisme que se lle antollaba máxico e secreto. Aguzaba o oído como tratando de captar con maior precisión a hora que lle sinalaba a súa nai e ela non daba interpretado. Máis adiante, a súa nai foille explicando o mecanismo das horas, e a mente de Ester foise iluminando e captou naquelas raias o que antes non daba comprendido. Iso provocoulle unha impresión estarrecedora que nunca se lle borrou;

decatouse de que os seus ollos podían mirar moitas cousas a través dos dedos, para logo formar unha imaxe dentro da cabeza. Desde aquela, Ester trataba de percibir a fondo a través do tacto, dos sons, da temperatura, do olor...

Algo semellante lle pasou cando, en certa ocasión, os seus pais a levaron pasear polo dique de Hondarribia, na desembocadura do río Bidasoa. O seu pai agarrouna do brazo e sinalou con el cara ao outro lado da ría.

—Ester: ao outro lado do río está Francia.

Francia? Onde estaba Francia? Ester só percibía o estreito paseo do dique, o suave son da auga a ambos os lados, certa vertixe provocada pola inmensidade do mar que ela adiviñaba enfronte... Apertou as pálpebras, manténdooas fortemente cerradas para intentar trazar con intensidade a imaxe da misteriosa Francia, aquela palabra máxica que soaba nos oídos de Ester indicándolle outro mundo, que debía de ser moi distinto ao que ela estaba afeita a sentir. Onde estaba Francia? En Francia ulía igual, tocábase igual, soaba igual?

Ester desprazou medio corpo fóra da cama, e apalpou o chan. Tocou as súas zapatillas vermellas cun círculo branco na parte da empeña, como a súa nai llas describiu ao llas mercar na zapataría de Toribio. O círculo branco da empeña simulaba un reloxo e unha cara ao mesmo tempo, e Ester percibía perfectamente ambos os dous detalles; as zapatillas sempre indicaban as once e cuarto. Antes de deitarse, quitábaas e colocábaas ben xuntas, perpendiculares á cama. Tiña as súas cousas ben ordenadas, cada roupa e cada obxecto nun lugar preciso, e non permitía que ninguén alterase a orde que ela establecía. Por exemplo, o xogo de rotuladores estaba organizado segundo unha sucesión de cores invariable, e ela debuxaba con eles as imaxes que trazaba dentro da súa cabeza. Se alguén usaba os rotuladores e non os gardaba tal e como ela os deixara antes, Ester decatábase de inmediato, porque cada rotulador tiña para ela un tacto lixeiramente distinto.

—Quen usou os meus rotuladores? —enfadábase, e íaos colocando como só ela sabía.